

A nova agrupación de cooperación transfronteiriza 'Río Miño' recibe a súa autorización definitiva

A nova Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Miño, que reúne á Deputación de Pontevedra e aos 16 concellos do Baixo Miño e Condado-Paradanta xunto coa CIM Alto Miño e dez câmaras do Norte de Portugal, acaba de obter a autorización que faltaba para o seu nacemento oficial. Este novo organismo servirá de ferramenta para a cohesión económica, social e territorial do contorno do Río Miño e, de xeito particular, para solicitar fondos europeos para proxectos conxuntos.